

MIGRACIÓN. UNHA VIAXE PATAS ARRIBA

1220

Benjamin Renner, Guy-Laurent Homsy, 2023

ESTREA EN NUMAX: 29.12.2023 | V.E. | +6 | 83 min

A familia Mallard quedou estancada. Mentres papá Mack sente que está realizado coa súa familia nunha lagoa de Nova Inglaterra, mamá Pam ten ganas de vivir a vida e facer descubrir aos seus fillos a amplitude do mundo. Pam consegue convencer a Mack de que deben viaxar á tropical Xamaica pasando por Nova York.

«Unha función familiar de altos voos: o mellor en paxariños animados desde "Angry Birds"»
Philipp Engel, LA VANGUARDIA



Non só de franquías vive un estudio

Por Raquel Hernández Luján

Aínda que Illumination deu con varios filóns con *Gru: o meu vilán favorito* (Pierre Coffin, Chris Renaud, 2010), que o levaron a explotar tanto a veta dos *Minions*, na súa propia saga, como *Canta!* (Garth Jennings, Christophe Lourdelet, 2016) ou *Mascotas* (Chris Renaud, Yarrow Cheney, 2016), está que na compañía hai talento para facer cousas novas e arriscarse un pouco máis aló da súa área de confort.

Migración. Unha viaxe patas arriba conta con todos os ingredientes para converterse nun das grandes estreas da tempada do cinema en familia pero, desta vez, case con máis mensaxes destinadas aos adultos que ao público infantil. Ambos van atopar por tanto, motivos para pasar un bo rato na sala de cinema. *Migración* preséntanos a familia Mallard composta por Mack e Pam, que teñen dous parruliños: o adolescente Dax e a pequena Gwen. Viven nun marabilloso estanque no que... nunca pasa nada estimulante. Ata que un día aterra por alí unha bandada de parrulos de camiño a Xamaica nun descanso da súa migración invernal.

Isto estimulará as ansias de descubrir o mundo dos pequenos pero Mack ten un medo visceral a viaxar e un afán de protección increíble. Só ao ver os estragos que fixo a soidade e o paso do tempo no tío Dan darase conta do importante que é emprender unha viaxe que os levará a experimentar toda clase de aventuras. A ansiada Xamaica queda moi lonxe e o mal tempo, o descoñecido e a cidade de Nova York faralles pasar non poucos apretos. Así apreciarán moito máis a súa liberdade, farán novos amigos e deixarán atrás algúns prexuízos. Non é unha viaxe perfecta, nin moito menos como planeaban, pero van conseguir coñecerse mellor a si mesmos e sobre todo van abrir os ollos a un mundo moito máis grande e fermoso.

Simplemente botándolle un ollo ao argumento quedan claros os valores que a película quere transmitir e que non están tan dirixidos ao público infantil como ao adulto. De feito, queda patente que una das contas pendentes dos proxenitores parrulos (e por extensión de nós mesmos) é xusto deixarse levar, gozar do momento, evitar prexulgar aos demais e afrontar novos retos. O que non che dá o día a día e si unha boa viaxe desas que che fai abrir os ollos a realidades distintas.

A beleza intrínseca de *Migración* lévanos de contornas naturais fermosísimas a espazos urbáns, quizais menos idílicos pero igual de ben representados nunha película que se esmera moito no apartado técnico para que resulte tan atractivo o deseño dos personaxes como os fondos paisaxísticos. A expresividade dos parrulos non cae en facelos antropomorfos e respéctase a súa forma de moverse, as características do seu voo e ata a textura das súas plumas.

Aviso para espectadores que acudan á sala con xente miúda: a cualificación por idades de *Migración* é recomendada para a infancia pero ten algún que outro momento que pode impresionar aos máis pequenos. Isto incumbe sobre todo ao vilán, un personaxe bastante cruel e violento, e á grúa. Son momentos puntuais, pero poden deixar pegada nos espectadores que se estreen con esta película.